



CONCELLO DE TEO

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Bases de concurso de debuxo para ilustrar o conto elaborado polo FoPIA de Teo (expte. 2026/X999/000272)

**EXPEDIENTE:** 2026/G00/000527

Considerando que o Concello de Teo forma parte dende o ano 2018 da iniciativa liderada a nivel internacional por UNICEF e que ten como nome *Cidades Amigas da Infancia*, coa que se pretende recoñecer o compromiso municipal para mellorar o benestar da infancia e adolescencia a curto, medio e longo prazo.

Tendo en conta que dentro de dita iniciativa, entre outras accións promotoras de dereitos destaca o traballo que se realiza dende o grupo de participación infantil e adolescente denominado “*As Toupas de Teo*”, que neste curso está traballando sobre o dereito á non discriminación e o dereito á vivenda, e para elo presentan ao concello a elaboración dun conto que amplíe e implique tamén a participación de máis rapazada a través dun concurso de debuxo que sirva para ilustrar o mesmo.

Visto o expediente tramitado no Departamento de Servizos sociais, programa Cidades Amigas da Infancia, para a posta en marcha do Concurso de debuxo para ilustrar o conto elaborado polo FoPIA de Teo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**

**Primeiro**.- Aprobar as Bases do concurso de debuxo para ilustrar o conto elaborado polo FoPIA de Teo, que se transcriben a continuación:

### **“BASES CONCURSO DE DEBUXO PARA ILUSTRAR O CONTO ELABORADO POLO FoPIA DE TEO**

O Concello de Teo forma parte desde o ano 2018 da iniciativa que a nivel internacional lidera a entidade UNICEF baixo o nome de *Cidades Amigas da Infancia*. Con ela preténdese recoñecer o compromiso municipal con accións e medidas concretas dirixidas a mellorar o benestar da infancia e adolescencia a curto, medio e longo prazo. Supón



CONCELLO DE TEO

ademais facer políticas locais desde un enfoque de dereitos de infancia, no que se inclúe especialmente, o dereito á participación da infancia e adolescencia nos asuntos que lles afectan. Entre outras accións promotoras de dereitos destaca o traballo que se realiza desde o grupo de participación infantil e adolescente “as Toupas de Teo”.

Este curso as Toupas de Teo están traballando sobre *o dereito á non discriminación e o dereito á vivenda*, e presentan ao concello a iniciativa de elaboración dun conto que amplíe e implique tamén á participación de máis rapazada do concello a través da convocatoria dun concurso de debuxo que sirva para a ilustración do conto.

#### **1. Obxecto:**

- Sensibilizar á poboación infantil e adolescente sobre as dificultades que teñen as familias migrantes para atopar casa; así como valorizar a importancia da empatía, a amizade e a xustiza nas solucións ás problemáticas sociais.

#### **2. A quen vai dirixido:**

Ao alumnado matriculado nos centros educativos do concello de Teo nos cursos de 5º e 6º de primaria e 1º a 3º da ESO.

#### **3. Modalidades de participación:**

O alumnado poderá participar tanto **a nivel individual** como **en grupos de ata 4 persoas**, e deberán achegar, en ambas dúas modalidades, un total de 8 debuxos á organización, guiándose para isto dos contidos que se recollen no **Anexo 1** e que recollen a estrutura do conto en 8 capítulos. Os debuxos meteranse nun sobre cos datos de nome, curso, e nome do colexio, así como persoa titora de referencia.

#### **4. Prazos:**

O prazo de presentación de candidaturas ao concurso comezará o **luns 27 de abril e finalizará o venres 15 de maio**.

#### **5. Criterios de valoración e puntuación:**

- *Vinculación do debuxo co contidos de cada capítulo do conto*. Valorarase ata un máximo de 15 puntos.



CONCELLO DE TEO

- *Introdución de elementos locais propios do concello de Teo.* Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- *Calidade artística e creativa do debuxo.* Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

## 6. Xurado e selección

A selección dos premios será realizada por un Xurado composto polas seguintes persoas:

- David Orihuela, profesor de Artes Plásticas das escolas culturais do concello de Teo.
- Sergio Clavero, profesor de Artes Plásticas no IES Cacheiras
- Julia López Sánchez, vogal do grupo de participación infantil e adolescente do concello de Teo
- Amanda Vázquez Rodríguez, vogal do grupo de participación infantil e adolescente do concello de Teo
- Tomás Ferreiro Colmenares, vogal do grupo de participación infantil e adolescente do concello de Teo

## 7. Premios e gañadores/as:

Os premios consistirán na entrega de 2 vales ou cupóns para a compra dun kit de debuxo ou libros nun establecemento local de Teo (Librería d'Ana, A vagoneta educativa e Supermercado Pernas), un para a presentación individual valorado en **50 euros** e outro para a modalidade grupal valorado ata un máximo de **120 euros, 30 € por neno/a participante do grupo**. Cada participante recibirá tamén o seu certificado.

Ademáis, faraselles entrega dun exemplar do conto unha vez realizada a súa edición.

O importe do valor económico dos ditos premios ascende ata un máximo de 170 euros e impútase á partida orzamentaria 231/48001.

## 8. Dereitos:

O Concello de Teo resérvase a posibilidade de publicar na súa páxina Web e RRSS o material presentado polos participantes. As persoas que teñan a autoría cederán os dereitos de explotación das obras, consistentes na reprodución, distribución e comunicación pública, que se fará sempre co recoñecemento da súa condición de autor/a, salvo que manifesten o contrario.



CONCELLO DE TEO

## 9. Lei de protección de Datos

O Concello de Teo, na súa calidade de responsable do tratamento, informa que os datos recollidos para a inscrición das e dos participantes e gañadores do concurso serán tratados de acordo coa lexislación en materia de protección de datos, e en particular de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal.

## 10. Aceptación Bases:

A participación neste concurso implica o pleno coñecemento e aceptación destas bases e a aceptación da decisión do Xurado. A organización resérvase o dereito de modificar ou regular calquera aspecto non contemplado neste documento, así como a súa interpretación.”

**Segundo.-** Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios municipais.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe,

Virginia Fraga Díaz